

Por unha convocatoria pública de todas as prazas de ingreso en Navantia



A empresa anunciou onte ás 14:15, na reunión coas comisións de Formación dos comités de Fene e Ferrol, a contratación eventual de 12 traballadores do primeiro curso da FP Dual. A entrada está prevista para o 8 de xaneiro.

A escusa é que reciban unha certificación de Navantia que acredite os coñecementos profesionais adquiridos, certificación que até agora non existe e da que só se sabe que a estenderá unha empresa externa.

¿Por que Navantia non lle dá a posibilidade de obter esa certificación ós estudantes da FP non dual ou ós becarios universitarios que fan ou fixeron prácticas aquí? ¿Por que Navantia non lle dá a mesma posibilidade ós traballadores das compañías?

Este é o último capítulo do cúmulo de chapuzas que a empresa vén practicando dende hai tempo. Por exemplo:

- No proceso das prazas de profesionais junior, hai unha inaceptable porcentaxe de excluídos. Por riba, non está previsto que os inscritos poidan corrixir erros ou aportar documentación que falte.- En canto ás prazas de TS, os criterios non son obxectivos e reina o escurantismo. **Estamos a favor de que**

Navantia contrate directamente persoal, aínda que sexa con contratos eventuais.

Pero Navantia é unha empresa pública, e isto significa que toda contratación debe facerse con transparencia e igualdade de oportunidades.

A CGT DENUNCIA ESTA IRREGULARIDADE E ESIXE QUE NAVANTIA FAGA UNHA CONVOCATORIA PÚBLICA DESAS 12 PRAZAS, PARA QUE TODA PERSOA QUE CUMpra OS REQUISITOS DE DITA CONVOCATORIA TEÑA A OPCIÓN A OBTEN UNHA PRAZA.

En calquera caso, todo isto demostra que Navantia **SI** pode contratar directamente. **Xa non hai escusas. A CGT ESIXE A DESAPARICIÓN INMEDIATA DA SUBCONTRATACIÓN E A CONTRATACIÓN DIRECTA POR NAVANTIA DE TODO O PERSOAL QUE NECESITE. A CGT non vai quedar de brazos cruzados ante todo isto. Para empezar,**

ESIXIMOS QUE TODA ESTA SITUACIÓN (AVALADA SINDICALMENTE POR CCOO, MAS E UGT) SEXA SOMETIDA Á CONSIDERACIÓN DUNHA ASEMBLEA XERAL.

Sección Sindical Unitaria de CGT en Navantia-Ferrol